



- Publicación BOP aprobación definitiva.
- Publicación BOP aprobación inicial.
- Certificado acuerdo Pleno.
- Dictame Comisión.
- Proposta modificación Orzamento da Deputación.



### XUNTA DE GALICIA

#### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURA - AUGAS DE GALICIA

##### Anuncio

De acordo co previsto no artigo 116 do Regulamento de dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, faise público, para xeral coñecemento, que por resolución da dirección de Augas de Galicia de data 23 de maio de 2012 e como resultado do expediente incoado ó efecto, outorgóuselle a José Requeijo Franco, unha concesión dun caudal de auga de 0,037 l/s procedente dun pozo e do rego de Tras do Lugar, no lugar de Pcoverde, parroquia de San Pedro de Muras, no concello de Muras (Lugo), con destino a uso doméstico, gandeiro e rega.

Número Expte.: DH.A27.04908

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2012.- A subdirectora Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico, Pilar M. Ibeas Rollán

R. 2624

### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### SECCION DE ACTAS

##### Anuncio

Aprobado definitivamente o Expediente de Modificación do Orzamento da Deputación e o Inludes do 2012, vía suplemento de crédito e crédito extraordinario, en cumprimento do disposto no art. 169 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, fanse públicos os seguintes resúmenes:

O Orzamento da Excma. Deputación Provincial, quedará resumido do seguinte modo:

##### Estado de GASTOS

Capítulo	Consignación actual	Modificación	Consignación final
I. GASTOS PERSONAL	20.089.460,19		20.089.460,19
II. G.TOS.BENS CORRENTES E SERVIZOS	16.192.520,54	975.000,00	17.167.520,54
III. G.TOS. FINANCEIROS	1.226.880,99		1.226.880,99
IV. TRANS.CORRENTES	30.686.859,97	2.138.000,00	32.824.859,97
VI. INVESTIMENTOS REAIS	49.442.431,97	500.000,00	49.942.431,97
VII. TRANS.CAPITAL	9.907.071,19	5.608.136,52	15.515.207,71
VIII. ACTIVOS FINANCEIROS	310.000,00		310.000,00
IXI. PASIVOS FINANCEIROS	4.617.872,10		4.617.872,10
<b>TOTAL</b>	<b>132.473.096,95</b>	<b>9.221.136,52</b>	<b>141.694.233,47</b>

## Estado de INGRESOS

Capítulo	Previsión actual	Modificación	Previsión final
1. IMPOSTOS DIRECTOS	5.324.523,40		5.324.523,40
2. IMPOSTOS INDIRECTOS	3.299.066,67		3.299.066,67
3. TAX., PREC. PÚB. E OUTROS INGR.	8.446.210,25		8.446.210,25
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	52.109.607,26		52.109.607,26
5. INGRESOS PATRIMONIAIS	3.516.000,00		3.516.000,00
6. ALLEAMENTO DE INVER. REAIS	600.000,00		600.000,00
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	18.063.733,59		18.063.733,59
8. ACTIVOS FINANCEIROS	39.992.947,89	9.221.136,52	49.214.084,41
9. PASIVOS FINANCEIROS	1.121.007,89		1.121.007,89
<b>TOTAL</b>	<b>132.473.096,95</b>	<b>9.221.136,52</b>	<b>141.694.233,47</b>

O que se fai público para os oportunos efectos.

Lugo, dezanove de xuño de dos mil doce.- O **PRESIDENTE**, José Ramón Gómez Besteiro. O **SECRETARIO**, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2671

## INSTITUTO LUCENSE DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E SOCIA

### Anuncio



UNIÓN  
EUROPEA  
Fondo Social  
Europeo



"EL FSE INVIERTE EN TU FUTURO"  
Cofinanciado en un 80%

### ANUNCIO DE CONVOCATORIA E BASES QUE REGULAN A SELECCIÓN DE ENTIDADES PÚBLICAS OU PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A EXECUCIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS NO MARCO DO PROXECTO "LUGO-PACTO PROVINCIAL POLO EMPREGO", MEDIANTE A FIRMA DUN CONVENIO

O INLUDES aprobou con data 21 de xuño de 2012 a convocatoria e as bases que regulan polo procedemento de concorrencia competitiva, a selección de entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro, encargadas de impartir itinerarios integrados de inserción socio laboral a través de novas accións formativas desenvolvidas no marco do proxecto "Lugo - Pacto Provincial polo Emprego", mediante a sinatura dun convenio, no marco do proxecto "Lugo - Pacto Provincial polo Emprego" cofinanciado nun 80% polo FSE. Por isto, e co obxecto de dar cumprimento ao disposto no artigo 9, da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, procédese á publicación do texto íntegro das seguintes bases:

**BASES QUE REGULAN A SELECCIÓN POLO PROCEDUREMTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE ENTIDADES PÚBLICAS OU PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO ENCARGADAS DE IMPARTIR OS ITINERARIOS INTEGRADOS DE INSERCIÓN SOCIO LABORAL A TRAVÉS DE NOVAS ACCIÓNS FORMATIVAS DESARROLLADAS NO MARCO DO PROXECTO "LUGO - PACTO PROVINCIAL POLO EMPREGO", MEDIANTE A SINATURA DUN CONVENIO, NO MARCO DO PROXECTO "LUGO - PACTO PROVINCIAL POLO EMPREGO" COFINANCIADO NUN 80% POLO FSE.**

#### BASE PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da convocatoria a concesión de subvencións públicas, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de actividades formativas a impartir por entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro cuxa finalidade ou actividade teña relación co área de formación académica e profesional, de conformidade co previsto na lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Ordenanza xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo e INLUDES e no plan estratéxico de subvencións do INLUDES da anualidade 2012.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

COPIA

fecha: LUGO **30 de xuño de 2012**

unidade de orixe: **SECCION DE ACTAS**

asunto: **Remite anuncio para publicación no B.O.P.**

destinatario

**Negociado de Administración do Boletín  
Oficial da Provincia**



Co obxecto da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, remito anuncio sobre exposición pública modificación do Orzamento da Excma. Deputación Provincial do ano 2012, vía suplemento de crédito e crédito extraordinario.

**O SECRETARIO,  
P.D. A XEFA DA SECCION DE ACTAS,**



## ANUNCIO

Aprobado polo Pleno desta Corporación en sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de maio de dous mil doce, o expediente de modificación do orzamento da Deputación de 2012, vía suplemento de crédito e crédito extraordinario, expone ó público na Secretaría desta Deputación, por espazo de 15 días, en cumprimento do disposto no artigo 112.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; durante os cales admitiranse reclamacións e suxestións ó mesmo. Transcorrido dito prazo sen que se produciran reclamacións ou suxestións entenderase definitivamente aprobado.

Lugo, trinta de maio de dous mil doce.- **O PRESIDENTE**, José Ramón Gómez Besteiro.- **O SECRETARIO**, José Antonio Mourelle Cillero.





### XUNTA DE GALICIA

#### XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA DE LUGO

##### Anuncio

Resolución do 21 de maio de 2012 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se autoriza e aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no Concello de Lugo (Nº expte: IN407A 2011/85-2-7923-AT)

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións eléctricas que a seguir se cita:

- Solicitante: LUCUS MARKET S.L.U.
- Domicilio Social: P.I. DE PIADELA, S/N, 15300 BETANZOS, A CORUÑA.
- Denominación: INSTALACIÓN DE LMTS E CT DE 630 KVA PARA DAR SERVIZO A SUPERMERCADOS.
- Situación: CONCELLO DE LUGO:
- Características Técnicas:
  - LMTS a 20 kv, consistente en anelar na LMTS Ceao 3 entre o CS Ingapan 2 e o CD Benigno Rivera ó CS proxectado, cunha lonxitude de 13 metros en conductor tipo RHZ1-240 mm.
  - CS no límite da parcela en edificio non prefabricado, no cal se instalan dúas celdas de liña e unha de ruptofusible.
  - LMT a 20 kv, con orixe nunha celda de ruptofusible do centro de seccionamento proxectado e final nunha celda de liña do CT proxectado, cunha lonxitude de 3 metros en conductor tipo RHZ-240 mm.
  - CT en edificio non prefabricado, cunha potencia de 630 kva, no cal se instala unha celda de liña, unha de protección e unha de medida, relación de transformación 20.000/400-230V.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 5471997 do 27 de novembro, e no Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalación de enerxía eléctrica, esta Xefatura Territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, cuxas características se axustaran en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

Lugo, 21 de maio de 2012. O xefe territorial: José Manuel Vázquez Leirado.

R.2256

### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### SECCIÓN DE ACTAS

Aprobado polo Pleno desta Corporación en sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de maio de dous mil doce, o expediente de modificación do orzamento da Deputación de 2012, vía suplemento de crédito e crédito extraordinario, exponse ó público na Secretaría desta Deputación, por espazo de 15 días, en cumprimento do

disposto no artigo 112.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; durante os cales admitiranse reclamacións e suxestións ó mesmo. Transcorrido dito prazo sen que se produciran reclamacións ou suxestións entenderase definitivamente aprobado.

Lugo, trinta de maio de dous mil doce.- O PRESIDENTE, José Ramón Gómez Besteiro.- O SECRETARIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R.2309

#### *Anuncio*

Informada pola Comisión de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas en sesión celebrada o día vinte e nove de maio de dous mil doce, a Conta Xeral do Orzamento da Excm. Deputación Provincial, do INLUDES, e da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, correspondente ao ano 2011; exponse ao público na Secretaría da Excm. Deputación Provincial, xunto cos documentos que a acompañan, por espazo de quince días, durante os cales, e oito máis, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos e observacións á mesma, de conformidade co art. 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Lugo, trinta de maio de dous mil doce.- O PRESIDENTE, José Ramón Gómez Besteiro. O SECRETARIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R.2310

#### *Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno desta Corporación en sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de maio de dous mil doce, o Regulamento do Consello Provincial de Cooperación e Asistencia, exponse ao público na Secretaría desta Entidade Provincial, durante o prazo de trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente, e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunos, de conformidade co sinalado no art. 49 da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Lugo, trinta de maio de dous mil doce.- O PRESIDENTE, José Ramón Gómez Besteiro. O SECRETARIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R.2311

## CONCELLOS

### BECERREÁ

#### *Anuncio*

Apreciado un erro na Resolución da Alcaldía de data 21 de maio de 2012 no tocante á designación do Tribunal calificador encargado da valoración dos méritos no procedemento específico de promoción interna para persoal do Concello de Becerreá ao que resulte de aplicación a Disposición Transitoria Segunda do Estatuto Básico do Empregado Público (persoal laboral fixo que desempeña funcións ou postos clasificados como propios de persoal funcionario); praza de Técnico de Administración Xeral encadrada na escala de Administración Xeral, Subescala Técnica, Técnicos Superiores, Grupo A, Subgrupo A1, do cadro de persoal funcionario do Concello de Becerreá, procedéuse á corrección do mesmo mediante resolución da Alcaldía de data 24 de maio, quedando designado como suplente do segundo vocal, Don Antonio Lorenzo Morandeira, Secretario-Interventor do Concello de Begonte

En Becerreá, 24 de maio de 2012. O Alcalde: Don Manuel Martínez Núñez.

R.2257

### BURELA

#### *Anuncio*

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario inicial de data 29 de marzo de 2012, aprobatorio da Ordenanza reguladora sobre a creación de ficheiros de carácter persoal do Concello de Burela, cuxo texto íntegro se fai público, para o seu



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO



fecha: LUGO **15 de xuño de 2012**

unidad de origen: **SECCIÓN DE ACTAS**

asunto: **Remite certificación acordo do Pleno de 29-05-2012**

destinatario

Remítase a: *Interv*

Luga, **21 XUN. 2012**

O Secretario, *[Firma]*

Asda: José A. Mouralillo Cillero

**Intervención**

Remito certificación do acordo adoptado polo Pleno desta Excma. Corporación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de maio de dous mil doce, relativo a **“Proposta de Modificación do Orzamento da Deputación 2012, vía Suplemento de Crédito e Crédito Extraordinario”**.

O SECRETARIO,  
P.D. A XEFA DA SECCIÓN DE ACTAS,

*[Firma manuscrita]*

*[Sello circular: EXCMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, SECCIÓN DE ACTAS Y A. GENERAL]*





**DON JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO**, Secretario Xeral da Excma. Deputación Provincial de Lugo,

**CERTIFICO:** Que o Pleno desta Excma. Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de maio de dous mil doce, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**Proposta de Modificación do Orzamento da Deputación 2012, vía Suplemento de Crédito e Crédito Extraordinario.**

Dáse lectura ó ditame da Comisión de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, que di o seguinte:

“Vistas as propostas de Presidencia e Vicepresidencia primeira así como o informe de Intervención, considerando a necesidade e urxencia de executar as actuacións reflectidas neles, co desestimento previo das actuacións que figuran na proposta da Vicepresidencia primeira, e dada a insuficiencia ou a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento, segundo figura na memoria que acompaña á presente proposta, propónse ao Pleno desta Deputación a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Desistir das actuacións seguintes:

Construcción pavillón Portomarín	1.075.000,00
Pazo dos Deportes, Investimento novo en edificios e outras construcións	480.505,80
Museo do Mar, Investimento novo en edificios e outras construcións	190.000,00
Museo Etnográfico de Tor, Investimento novo en edificios e outras construcións	40.420,49
Museo Provincial, Investimento de reposición en edificios e outras construcións	35.601,63
Promoción cultura, Transferencias de capital a familias e institucións sen fins de lucro	75.000,00

2º.- Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento, vía suplemento de crédito e crédito extraordinario co seguinte detalle:

**Suplemento de Crédito:**

Aplicación Orzamentaria	Denominación	Importes
1690.462	Outros servizos de benestar comunitario, Transferencias correntes a Concellos	250.000,00
1690.48900	Outros servizos de benestar comunitario, Transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro	400.000,00
1690.65009	Outros servizos de benestar comunitario, Gastos en investimentos xestionados para outros entes públicos	500.000,00
1690.762	Outros servizos de benestar comunitario, Transferencias de capital a Concellos	500.000,00
1690.789	Outros servizos de benestar comunitario, Transferencias de capital a familias e institucións sen fins de lucro	600.000,00
2310.22699	Gastos diversos	189.000,00
2310.462	Transferencias correntes a entidades locais	488.000,00
2310.48900	Transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro	175.000,00
2310.762	Transferencias de capital a concellos	242.000,00
3250.48907	Transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro. C.A. UNED Lugo	25.000,00
3340.462	Transferencias correntes a entidades locais	175.000,00
3340.479	Transferencias correntes a Empresas privadas	15.000,00
3340.48900	Transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro	134.000,00
3340.762	Transferencias de capital a concellos	15.000,00
3370.462	Transferencias correntes a entidades locais	15.000,00
3410.462	Transferencias correntes a entidades locais	20.000,00
3410.481	Premios, becas e pens. estudo e invest.	83.000,00
3410.48900	Transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro	15.000,00
3410.762	Transferencias de capital a concellos	70.000,00
4320.22699	Gastos diversos	36.000,00
4320.462	Transferencias correntes a entidades locais	248.000,00
4320.48900	Transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro	95.000,00
4320.762	Transferencias de capital a concellos	242.000,00
4320.789	Transferencias de capital a familias e institucións sen fins de lucro	30.000,00
9270.210	Parque Móbil, Reparacións, mantemento e conservación de Infraestrutura e bens naturais	750.000,00

**Crédito Extraordinario:**

1720.721	Protección e mellora do medio ambiente, Transferencias de capital a Organismos Autónomos e Axencias	3.909.136,52
----------	---	--------------



Financiamento:

<b>Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais:</b>	<b>9.221.136,52 €</b>
--	-----------------------

3º.- Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Secretaría Provincial por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no B.O.P., todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado periodo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

A Comisión de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, por maioría, coa abstención dos Sres. Deputados D. José Pardo Lombao e D. José Manuel Mato Díaz, membros do Grupo Popular, acorda informar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma dá o seguinte resultados: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13; abstencións, 12. Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

Para que conste expido a presente certificación, de orde e co Visto e Prace do Ilmo. Sr. Presidente, coa reserva do establecido no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en Lugo a once de xuño de dous mil doce.

Vº e Prace  
“O PRESIDENTE  
P.D. Decreto nº 1651/2012, de 24-05-2012  
A VICEPRESIDENTA,



Asdo: Lara Méndez López”





## Acta da Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas

Acta da reunión do día 28 de Maio de 2012

### Asistentes:

D<sup>a</sup>. María del Pilar García Porto

D. José Ramón Val Alonso

D<sup>a</sup>. Regina Polín Rodríguez

D. Antón Veiga Outeiro

D. José Pardo Lombao

D. José Manuel Mato Díaz

### Secretario da Comisión:

D. José Antonio Castro Liz, Técnico en Administración Financeira e Contable.

Sendo as dez horas do día vinteito de maio de dous mil doce no Salón de Comisións do Pazo Provincial, reúnense os Sres. Deputados relacionados, membros das Comisións Informativas de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, **baixo a Presidencia do Ilmo. Sr. Don José Ramón Gómez Besteiro**, asistido do Secretario Xeral da Deputación D. José Antonio Mourelle Cillero e coa asistencia da Interventora Xeral da Excma. Deputación Dona Rosa Abelleira Fernández, co obxecto de emitir os seguintes dictames:

### EMISIÓN DE DICTAMES


#### ***1. Proposta de modificación do Orzamento da Excma. Deputación de 2012, vía suplemento de crédito e crédito extraordinario.***

A Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, por maioría, coa abstención dos Sres. Deputados, D. José Pardo


Lombao e D. José Manuel Mato Díaz, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta sinalada no epígrafe, e propoñer ó Pleno a súa aprobación.

E non tendo máis asuntos que tratar, levántouse a sesión, sendo as dez horas e dez minutos do día de referencia, de todo o cal o Secretario certifica.

O PRESIDENTE,

A handwritten signature in black ink, consisting of a large, sweeping loop on the left side and a long, thin, slightly curved line extending upwards and to the right.

O SECRETARIO

A handwritten signature in black ink, featuring a complex, circular scribble with several overlapping loops and a long, thin tail extending to the right.



## COMISIÓN DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS

### DICTAME

Vista a Proposta da Presidencia en relación co punto epigrafiado “**1. Proposta de modificación do Orzamento da Excma. Deputación de 2012, vía suplemento de crédito e crédito extraordinario**”, A Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, por maioría, coa abstención dos Sres. Deputados, D. José Pardo Lombao e D. José Manuel Mato Díaz, representantes do Grupo Provincial Popular, dictaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ó Pleno para a súa aprobación, se procede.

Pazo Provincial de Lugo, a 28 de Maio de 2012.

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO  
P L E N O  
Sesión do día ... 29 MAYO 2012 ...  
CÚMPRASE:  
O PRESIDENTE  
APROBADO:  
O SECRETARIO



- 
- Proposta de Modificacións do Orzamento da Deputación 2012, vía Suplemento de Crédito e Crédito Extraordinario

(Pleno maio 2012)



## PROPOSTA DA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA RELATIVA AO INICIO DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE ORZAMENTO DE 2012 A FIN DE DESENVOLVER DIFERENTES ACTUACIÓNS NAS ÁREAS DE BENESTAR SOCIAL E DEPORTE E CULTURA E TURISMO

Desde a Vicepresidencia Primeira da Excm. Deputación de Lugo déronse instrucións co obxecto de tramitar diversos expedientes que na conxuntura económica e social que vivimos se consideran urxentes e prioritarios para o mantemento do benestar social e o investimento produtivo en ámbitos e sectores que neste momento de fonda crise económica poden supoñer para os veciños e veciñas dos concellos lucenses un reforzamento das coberturas do tecido social e de reforzamento das economías locais.

As Áreas de Benestar Social, Deporte, Igualdade e Mocidade e Cultura, Turismo, Ensino, Normalización Lingüística e Patrimonio Histórico, respectivamente, para o cumprimento das súas respectivas competencias, e tendo en conta a situación económica que vive a sociedade lucense, precisan dunha reformulación das súas prioridades orzamentarias.

Desde ese punto de vista, considérase que a decisión de desenvolver determinadas actuacións previstas no seu momento, debe ser revisada como consecuencia da situación económica xeral e orzamentaria, establecendo como prioritarias actuacións e investimentos no ámbito do mantemento das ratios de benestar e da cobertura de distintos servizos e necesidades de atención social dos veciños e veciñas dos concellos da provincia de Lugo, tendo en conta ademais a drástica redución das achegas que viñan percibindo anualmente da Xunta de Galicia para afrontar as necesidades no amplo abano dos servizos sociais comunitarios e de mantemento e extensión do benestar social, como piar dunha sociedade máis xusta.

Así mesmo, as circunstancias actuais obrígnanos a redefinir as prioridades de actuación, dándolles preferencia a aquelas que incidan no mantemento das ratios de benestar e da creación de emprego sobre as grandes actuacións en infraestruturas, que sendo importantes, deben adiarse en función das necesidades derivadas da actual conxuntura económica e social, apostando por establecer como prioritarias actuacións e investimentos no ámbito do mantemento do benestar e da creación de emprego, dándolles preferencia tamén a aquelas que incidan no mantemento e no apoio ao tecido social e cultural de base, aquel que desenvolven as asociacións, como os concellos da provincia de Lugo.





Nese sentido cómpre ter en conta que a provincia de Lugo ten nestes momentos unha taxa de paro do 15,57%, unha porcentaxe que aumentou nun 2% máis desde hai un ano, e así mesmo, a relativa estabilidade do sector servizos, dado que o sector terciario foi o menos castigado

pola perda de empregos no pasado mes de abril na Comunidade Autónoma (un 0,04% respecto a marzo). Desde esa perspectiva e tendo en conta que o sector turístico galego representa xa máis do 12% do produto interior bruto (PIB) de Galicia e máis do 13 % do PIB da provincia de Lugo, nesta situación de crise é preciso priorizar as dispoñibilidades económicas coas que conta a Excm. Deputación de Lugo, de xeito que actuacións que aínda que se consideran importantes na programación das áreas, teñan que adiarse a outro momento

Tendo en conta estas circunstancias, considérase que esta formulacións de prioridades orzamentarias dentro da actuación pública non se pode adiar nin pospoñer a súa execución para vindeiros exercicios orzamentarios, dada a situación á que antes nos referiamos.

En orzamentos anteriores estaban contempladas determinadas actuacións que foron incorporadas ao orzamento actual para a anualidade de 2012, por un importe de 1.896.527,92 € co detalle seguinte:

Construción pavillón Portomarín .....	1.075.000 €
Pazo dos Deportes. Investimento novo en edificios e outras construcións .....	480.505,80 €
Museo do Mar. Investimento novo en edificios e outras construcións. ....	190.000 €
Museo etnográfico de Tor. Investimento novo en edificios e outras construcións .....	40.420,49 €
Museo Provincial. Investimento nde reposición en edificios e outras construcións .....	35.601,63 €
Promoción cultural. Transferencias de capital a familias e institución sen fins de lucro (Círculo das Artes) .....	75.000,00 €

Para obter financiamento e poder destinalo a actuacións prioritarias, xunto co remanente de tesourería existente por importe de 415.472,08 €, cantidades que suman unha contía total de 2.312.000, 00 €.



Polos motivos expostos considerase oportuno que as cantidades citadas que ascenden a ditos 2.312.000,00, sexan destinadas a outras actuacións prioritarias neste momento e que van destinadas as seguintes atencións:

#### Benestar

Preténdese destinar á atención de benestar social unha cantidade total de 1.094.000 €, que se corresponderá cos seguintes conceptos orzamentarios e que é urxente dedicalos a tales fins dada a precaria situación na que se encontran os colectivos aos que vai dirixida a actuación apoiando aos concellos nesa finalidade de atención aos mais febles, situación que non permite adialos a outros exercicios orzamentarios:

Transferencias correntes a entidades locais.....	488.000 €
Transferencias de capital a concellos .....	242.000 €
Transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro .....	175.000 €
Gastos diversos .....	189.000 €

#### Turismo

Preténdese destinar á actividade turística 651.000 € coa intención de incentivar o gasto turístico, tendo en conta a precaria situación económica da nosa provincia que esixe que se apoiem aqueles sectores produtivos que poden facilitar a recuperación da actividade económica. Nese sentido, a actuación require carácter de urxencia dado o inicio da tempada alta e a necesidade de desenvolver campañas e accións desestacionalizadoras, situación que non permite adiar esta iniciativa a vindeiros exercicios orzamentarios.

Transferencias correntes a entidades locais.....	248.000 €
Transferencias de capital a concellos .....	242.000 €
Transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro.....	95.000 €
Transferencias de capital a familias e institucións sen fins de lucro.....	30.000 €
Gastos diversos .....	36.000 €



### Cultura

Preténdese destinar á actividade cultural unha contía de 339.000 € a fin de garantir a actividade neste ámbito de concellos e colectivos sociais, tendo en conta a decisión da administración autonómica de retirar as axudas públicas ás entidades culturais sen ánimo de lucro que son as que levan adiante boa parte das iniciativas que neste eido se desenvolven na provincia, así como a considerábel redución de fondos por parte da Xunta de Galicia para a realización de eventos culturais por parte das entidades locais, xustifican a urxencia da modificación orzamentaria proposta, situación que non permite adiar esta iniciativa a vindeiros exercicios orzamentarios.

Transferencias correntes. Outras subvencións a empresas privadas .....	15.000 €
Transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro. Subvencións .....	134.000 €
Transferencias de capital a entidades locais. Outras transferencias .....	15.000 €
Transferencias correntes e entidades locais. A Concellos.....	175.000 €

### Deportes

Preténdese destinar á actividade deportiva unha contía de 188.000 Euros, a fin de promover hábitos saudábeis entre o conxunto da poboación e posibilitar a práctica deportiva de base como xeito de socialización da poboación cuxa actividade se ve ameazada como consecuencia do recorte que nesta materia está a levar a administración autonómica e que pon en risco a propia existencia de boa parte do tecido deportivo dos Concellos de Lugo, o que xustifica a urxencia da modificación orzamentaria proposta, situación que non permite adiar esta iniciativa a vindeiros exercicios orzamentarios.

Transferencias de capital a entidades locais.....	70.000 €
Transferencias correntes a entidades locais.....	20.000 €
Transferencias correntes. Premios, becas e pens. estudo e invest. ....	83.000 €
Transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro.....	15.000 €



### Ensino

Preténdese destinar a actividade educativa unha cantidade de 25.000 Euros, co obxectivo de achegar o ensino superior ao conxunto da cidadanía, nun contexto de recorte das bolsas e de aumento das taxas universitarias, o que converte en determinante o factor de proximidade xeográfica como instrumento para evitar a exclusión dos sectores sociais máis desfavorecidos do ensino superior, o que xustifica a urxencia da modificación orzamentaria proposta, situación que non permite adiar esta iniciativa a vindeiros exercicios orzamentarios.

Transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro. C.A UNED Lugo..... 25.000 €

### Mocidade

Preténdese destinar á mocidade unha contía de 15.000 Euros, coa intención de garantir determinados servizos que até a data viña desenvolvendo a administración autonómica e que non teñen cobertura orzamentaria no resto das partidas orzamentarias desta Deputación, o

que xustifica a urxencia da modificación orzamentaria proposta, situación que non permite adiar esta iniciativa a vindeiros exercicios orzamentarios.

Transferencias correntes e entidades locais..... 15000 €

Polo tanto PROPOÑO que se inicie o expediente orzamentario para executar as actuación que vimos de enumerar.

Lugo, 16 de maio de 2012

Asdo: Antonio Veiga Outeiro

Vicepresidente Primeiro da Deputación de Lugo





## PROPOSTA DA PRESIDENCIA

Como xa vén sendo habitual na actuación da Deputación de Lugo tanto no anterior mandato como no presente, a optimización dos recursos existentes presidiu todas as actuacións. No presente momento e na actual situación económica que estamos a padecer fai preciso adoptar medidas extraordinarias e urxentes que non se poden adiar a outros exercicios orzamentarios para que os servizos provinciais sexan prestados da mellor forma posible. As reducións das achegas económicas ás administracións locais fan que cada día sexa máis difícil manter unha constante na calidade e na cantidade dos servizos que se prestan por estas.

No que se refire á Deputación de Lugo temos que constatar unha especial inquietude na máxima colaboración cos concellos que foi a liña mestra do anterior mandato e que pretende continuarse no presente, sempre tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias. Pero tampouco podemos esquecer doutras das liñas mestras que teñen presidido a actuación da Deputación, baixo a miña presidencia, que a especial atención prestada ó benestar comunitario, de forma que os servizos provinciais, con especial atención a rede de estradas sexa coa mellor calidade posible e que se faga chegar o maior número de persoas.

Por iso, e no actual contexto económico de redución de ingresos nas corporacións locais, incluíndo a propia Deputación, se estima preciso facer un esforzo suplementario co obxecto de, na medida do posible, e coas dispoñibilidades económicas das que poidamos utilizar, dotar de maiores recursos coa citada finalidade de colaboración cos concellos e investimentos nas persoas. Con esa finalidade estímase preciso adoptar unha serie de medidas encamiñadas á realización dunha modificación orzamentaria, vía suplemento de crédito, de xeito que ás aplicacións do presuposto inicialmente aprobadas, sexan incrementadas mediante a utilización de remanentes de crédito existentes de exercicios orzamentarios anteriores, de xeito que se complementen cos inicialmente existentes facendo un esforzo, unha vez máis, co fin de colaborar, na medida do posible, coa dinamización da actividade económica na nosa provincia, que redundará, de xeito seguro, nunha mellora na calidade dos servizos prestados polos concellos, nunha mellor atención ás persoas e unha colaboración para paliar a terrible situación do desemprego.

As circunstancias expostas fan que as actuacións propostas revistan carácter urxente e non se poida adiar a súa execución a exercicios orzamentarios posteriores.

Polo exposto, e coa xustificación referida, propónse que se realicen no orzamento do ano 2012 as seguintes modificacións orzamentarias, pola vía do suplemento de crédito e con cargo a remanentes de exercicios orzamentarios anteriores, do seguinte xeito:

### REPARACIÓN, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE INFRAESTRUTURAS E BENS NATURAIS

Preténdese incrementar a aplicación orzamentaria nunha contía de 750.000 € debido á ampla rede de estradas de responsabilidade provincial, con máis de 4.400 Km, e as actuacións de colaboración que se veñen facendo en colaboración cos concellos no



mantemento, reparación e conservación de estradas. As restricións económicas, a diminución de recursos dispoñibles e a necesidade de investimento nunha rede axeitada de estradas, vertebradora do territorio, fai preciso que se destinen unha parte importante dos recursos dispoñibles a ditas actuacións, que polo seu carácter urxente ao estar directamente vinculadas cá actividade económica dos municipios e seguridade dos cidadáns non permiten adialos a exercicios posteriores.

## OUTROS SERVIZOS DE BENESTAR COMUNITARIO

### a) Transferencias de capital aos concellos

A estas actuacións pretenden destinarse unha cantidade de 500.000 € xa que a situación nalgún caso agónica na que se encontran os concellos, pola importante redución dos ingresos, fai preciso facer un esforzo de colaboración para contribuír á realización de investimentos realizados en servizos de carácter municipal que redundarán, sen dúbida, nunha mellor calidade de vida e dinamizarán a actividade económica dos municipios, as ditas actuacións, que polo seu carácter urxente ao estar directamente vinculadas coa actividade económica dos concellos, non permiten adialas a exercicios posteriores.

### b) Transferencias de capital ás familias e institucións sen fins de lucro

A estas actuacións preténdese destinar a cantidade de 600.000 € xa que a redución de ingresos que están a padecer todas as administracións públicas teñen unha importante incidencia nas familias e institucións sen fin de lucro, que en moitas ocasións teñen nas achegas das institucións o principal medio de financiamento dos investimentos precisos para desenvolver a súa actividade que é fundamental para o fomento do tecido asociativo da provincia; o non colaborar con elas, sería tanto como reducir ao mínimo a súa capacidade de actuación e en consecuencia a perda, en moito casos, dun capital que leva moitos anos formándose, por iso, é preciso achegar os medios para posibilitar os investimentos deste colectivo con especial incidencia ao fomento das novas tecnoloxías ás ditas actuacións que polo exposto revisten un carácter urxente ao estar directamente vinculadas ao mantemento da actividade non permiten adialas a exercicios posteriores.

### c) Inversións xestionadas para a administración local

Preténdese destinar a esta actuación unha cantidade de 500.000 € coa finalidade de facer investimentos nos concellos, pero realizados pola Deputación Provincial, igualmente e coa mesma xustificación que se realizou no apartado a) Transferencias de Capital aos concellos. Deste xeito increméntase a colaboración con investimentos cos concellos pero doutra forma, xa que nesta actuación é a propia Deputación a que se encarga de facer os propios investimentos, forma de actuación, que pola súa axilidade é moi demandada. Polos razoamentos expostos no apartado a), as ditas actuacións que polo seu carácter urxente ao estar directamente vinculadas coa prestación de servizos dos concellos, non permiten adialos a exercicios posteriores.

### d) Transferencias correntes ás entidades locais.

Preténdese destinar a estas actuacións unha cantidade de 250.000 €. Os razoamentos da modificación proposta neste apartado son os referidos con anterioridade á situación



económica na que se encontran os concellos, si con anterioridade faciamos referencia a investimentos, a mesma situación se produce no que se refire ao gasto corrente polo que é preciso facer de novo un esforzo de colaboración cos concellos para a súa axuda, que os posibilitarán no mantemento de moitas das súas actividades. As ditas actuacións, que polo seu carácter urxente ao estar directamente vinculadas coa actividade económica dos concellos, non permiten adialas a exercicios posteriores.

e) Transferencias correntes ás familias e institucións sen fins de lucro

Preténdense destinar a estas actuacións unha cantidade de 400.000 €. Os razoamentos da modificación proposta neste apartado son os referidos con anterioridade á situación económica na que se encontran estes colectivos. Se con anterioridade faciamos referencia a investimentos, a mesma situación se produce no que se refire ao gasto corrente, polo que é preciso facer de novo un esforzo de colaboración coas familias e entidades sen ánimo de lucro para a súa axuda no gasto corrente que os axudará no seu mantemento. As ditas actuacións, que polo seu carácter urxente ao estar directamente vinculadas coa actividade do colectivo o que van dirixidas, non permiten adialas a exercicios posteriores.

Polo exposto anteriormente PROPOÑO que se faga modificación orzamentaria do Orzamento da Deputación Provincial de Lugo, para o ano 2012, vía suplemento de crédito e con cargo a remanentes de exercicios anteriores de acordo co seguinte detalle:

DENOMINACIÓN	COANTÍA
<b>Reparación mantemento e conservación de infraestruturas e bens naturais</b>	750.000 €
<b>Outros servizos de benestar comunitario</b>	
- <b>Transferencias de capital aos concellos</b>	500.000 €
- <b>Transferencias ás familias e institucións sen fin de lucro</b>	600.000 €
- <b>Investimentos xestionados para outros entes públicos</b>	500.000 €
- <b>Transferencias correntes a entidades locais</b>	250.000 €
- <b>Transferencias correntes á familias e institucións sen fins de lucro</b>	400.000 €
<b>TOTAL</b>	<b>3.000.000 €</b>

Lugo, 25 de maio de 2012

O PRESIDENTE,

José Ramón Gómez Besteiro



## Informe de Intervención

### Asunto: Propostas de Modificación do Orzamento da Deputación 2012

Logo de ver as propostas de Vicepresidencia Primeira de data 16 de maio de 2012 e de Presidencia de data 25 de maio de 2012, sobre modificación do Orzamento con cargo a Remanentes de Tesourería para dotar de consignación orzamentaria, co fin de executar as seguintes actuacións:

#### Proposta de Vicepresidencia primeira:

<b>-BENESTAR:</b>	<b>1.094.000,00</b>
-Gastos diversos	189.000,00
-Transferencias correntes a entidades locais	488.000,00
-Transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro	175.000,00
-Transferencias de capital a concellos	242.000,00
<b>-ENSINO:</b>	<b>25.000,00</b>
-Transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro.	
C.A. UNED Lugo	25.000,00
<b>-CULTURA:</b>	<b>339.000,00</b>
-Transferencias correntes a entidades locais	175.000,00
-Transferencias correntes a Empresas privadas	15.000,00
-Transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro	134.000,00
-Transferencias de capital a concellos	15.000,00
<b>-MOCIDADE:</b>	<b>15.000,00</b>
-Transferencias correntes a entidades locais	15.000,00
<b>-DEPORTES:</b>	<b>188.000,00</b>
-Transferencias correntes a entidades locais	20.000,00
-Premios, becas e pens. estudo e invest.	83.000,00
-Transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro	15.000,00
-Transferencias de capital a concellos	70.000,00
<b>-TURISMO:</b>	<b>651.000,00</b>
-Gastos diversos	36.000,00
-Transferencias correntes a entidades locais	248.000,00
-Transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro	95.000,00
-Transferencias de capital a concellos	242.000,00
-Transferencias de capital a familias e institucións sen fins de lucro	30.000,00
<b>TOTAL</b>	<b>2.312.000,00</b>





**Proposta de Presidencia:**

<b><u>-Reparación, mantemento e conservación de infraestruturas e bens naturais</u></b>	750.000,00
<b><u>-Outros servizos de benestar comunitario</u></b>	
-Transferencias de capital aos concellos	500.000,00
-Transferencias de capital a familias e institucións sen fin de lucro	600.000,00
-Investimentos xestionados para outros entes públicos	500.000,00
-Transferencias correntes a entidades locais	250.000,00
-Transferencias correntes á familias e institucións sen fins de lucro	400.000,00
<b>TOTAL</b>	<b>3.000.000,00</b>

Emítese o seguinte **INFORME:**

1.) A contabilidade da Deputación a 31 de decembro reflicte un debedor non orzamentario relativo á encomenda a SUPUSA polos convenios subscritos coa Confederación Hidrográfica e con Augas de Galicia polo importe de 3.909.136,52 €, provisionado con cargo ao remanente líquido de tesourería ao non preverse a realización do ingreso por Augas de Galicia. Para dar cumprimento ao principio de universalidade é preciso a aplicación orzamentaria da provisión, previa modificación de crédito polo citado importe.

2.) Para dotar o crédito necesario nas aplicacións orzamentarias precisas para a execución das actuacións anteriores, procede a seguinte modificación de crédito consistente en:

**Suplemento de Crédito:**

<u>Aplicación Orzamentaria</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importes</u>
1690.462	Outros servizos de benestar comunitario, Transferencias correntes a Concellos	250.000,00
1690.48900	Outros servizos de benestar comunitario, Transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro	400.000,00
1690.65009	Outros servizos de benestar comunitario, Gastos en investimentos xestionados para outros entes públicos	500.000,00
1690.762	Outros servizos de benestar comunitario, Transferencias de capital a Concellos	500.000,00
1690.789	Outros servizos de benestar comunitario, Transferencias de capital a familias e institucións sen fins de lucro	600.000,00
2310.22699	Gastos diversos	189.000,00
2310.462	Transferencias correntes a entidades locais	488.000,00
2310.48900	Transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro	175.000,00
2310.762	Transferencias de capital a concellos	242.000,00



3250.48907	Transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro. C.A. UNED Lugo	25.000,00
3340.462	Transferencias correntes a entidades locais	175.000,00
3340.479	Transferencias correntes a Empresas privadas	15.000,00
3340.48900	Transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro	134.000,00
3340.762	Transferencias de capital a concellos	15.000,00
3370.462	Transferencias correntes a entidades locais	15.000,00
3410.462	Transferencias correntes a entidades locais	20.000,00
3410.481	Premios, becas e pens. estudo e invest.	83.000,00
3410.48900	Transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro	15.000,00
3410.762	Transferencias de capital a concellos	70.000,00
4320.22699	Gastos diversos	36.000,00
4320.462	Transferencias correntes a entidades locais	248.000,00
4320.48900	Transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro	95.000,00
4320.762	Transferencias de capital a concellos	242.000,00
4320.789	Transferencias de capital a familias e institucións sen fins de lucro	30.000,00
9270.210	Parque Móbil, Reparacións, mantemento e conservación de Infraestrutura e bens naturais	750.000,00

3.) Polo exposto, a que suscribe informa:

- a). O artigo 177 do R.d. legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante TRLRFL), os artigos 35 a 38 do R.d. 500/90, do 20 de abril, que desenvolve o capítulo 1º do título VI da Lei reguladora das facendas locais en materia de orzamentos (en adiante R.d. 500/90) e a base nº6 de execución do Orzamento Xeral 2012, regulan as modificacións de crédito, mediante as cales se asigna crédito (consignación orzamentaria) para a realización dun gasto específico e determinado que non se pode demorar ata o exercicio seguinte e para o que non existe crédito ou o existente é insuficiente.
- b). O gasto poderase financiar con cargo ao remanente líquido de tesourería, con novos ou maiores ingresos recadados sobor dos totais previstos no orzamento corrente, e mediante anulacións ou baixas de créditos de gastos doutras aplicacións orzamentarias do orzamento vixentes non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbacións do respectivo servizo. Se o gasto se refire a un investimento, pódese financiar con recursos procedentes de operacións de crédito.
- c). A nova normativa en materia de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira ven establecida pola Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril (en adiante LOE), que entrou en vigor o 1 de maio e deroga expresamente o texto refundido aprobado polo R. d. legisla-



tivo 2/2007, de 28 de decembro, da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, sendo de aplicación o R. d. 1463/2007, de 2 de novembro (en adiante REO), polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades locais, en todo aquilo que non se opoña ao previsto na LOE.

Polo que atinxe ás Deputacións inclúese no mesmo ámbito de aplicación que as entidades do artigo 111 do TRLRFL.

Variacións na emisión de informes: A diferenza que existe no REO entre ambos tipos de entidades manifestase, entre outros, no artigo 16, polo que a Intervención local nas Entidades do artigo 111 do TRLRFL informa sobre o cumprimento da estabilidade orzamentaria na aprobación do orzamento e nas modificacións, correspondendo á Intervención xeral da Administración do Estado no resto dos casos (liquidación, conta xeral – agora corresponde á Xunta de Galicia-). No resto das Entidades (deputacións e outros concellos) é a Intervención local a encargada de emitir os ditos informes.

Segundo o artigo 16.1 do REO, emítase o seguinte informe referido á aprobación de modificacións orzamentarias mediante créditos extraordinarios e suplementos de crédito, coa finalidade de evaluar o obxectivo de estabilidade orzamentaria, e neste senso, conforme ao establecido no artigo 21 do REO, as modificacións orzamentarias financiadas con Remanente de Tesourería para gastos xerais, exceptúanse das medidas ou axustes do Plan Económico-Financeiro ata a liquidación do Orzamentos 2012, de ser o caso. O Remanente Líquido de Tesourería non é un ingreso orzamentario, senon que é unha magnitude calculada cos saldos a 31 de decembro do exercicio anterior, o que xustifica a súa exclusión do cálculo da estabilidade, a cal só ten en conta os ingresos e gastos de natureza orzamentaria do propio exercicio; doutra banda, a existencia dun Remanente Líquido de Tesourería positivo manifesta unha situación excedentaria da Tesourería e da facenda provincial que evita precisamente acudir ao endebedamento que é unha das causas de inestabilidade. E todo caso, a previsión de estabilidade na liquidación do Orzamento para 2012 é de cumprimento en base a que o Orzamento na fase de aprobación cumpre co obxectivo, e na fase de execución á data actual presenta un ritmo de execución adecuado ao cumprimento do mesmo.

d). Segundo a regulación dos citados expedientes é necesario a seguinte tramitación:

1º. Serán incoados por orde do Presidente da Corporación.

2º. A proposta deberase acompañar dunha Memoria xustificativa da necesidade da medida que deberá precisar:

- A clase de modificación a realizar.
- Aplicacións orzamentarias ás que afecta.
- Medidas e recursos que a financian, e acreditar:



Carácter específico e determinado do gasto a realizar, e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.

A inexistencia ou insuficiencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica.

3º. A proposta de modificación, previo informe da Intervención, será sometida ao Pleno da Deputación, e rexerán os mesmos trámites e requisitos que para os orzamentos.

4.) O órgano competente para a aprobación inicial da citada modificación é o Pleno da Excma. Diputación segundo o artigo 33.2.c) da Lei 7/85 e o artigo 177.2 do TRLRFL.

Lugo, a 25 de maio de 2012.

A INTERVENTORA,

Rosa Abelleira Fernández



## Incoación

Pola presente, ordéase a **incoación** de expediente de modificación orzamentaria co fin de executar as actuacións prioritarias e urxentes que se poñen de manifesto nos documentos adxuntos, financiándose con Remanente Líquido de Tesourería por un importe de 5.312.000,00 €, así como a aplicación orzamentaria da provisión por debedores non orzamentarios relativa á encomenda a SUPLUSA polos convenios subscritos coa Confederación Hidrográfica e con Augas de Galicia polo importe de 3.909.136,52 €.

Lugo, a 25 de maio de 2012.  
O PRESIDENTE

José Ramón Gómez Besteiro



## Memoria

Visto informe de Intervención do 25 de maio do ano en curso, confecciónase a presente memoria, xustificativa da **modificación orzamentaria de suplemento de crédito e crédito extraordinario, no Orzamento da Deputación para 2012.**

A consignación orzamentaria é insuficiente para a execución total das actuacións reflectidas no informe de Intervención de 25 de maio do corrente, debendo dotarse o crédito no actual Orzamento 2012 nas aplicacións orzamentarias e polos importes que se reflicten no informe da Intervención anteriormente citado.

A xustificación da imposibilidade de demorar a execución ata o ano seguinte ven reflectida nas propostas de Presidencia e Vicepresidencia primeira que inician o expediente de modificación orzamentaria dos distintos servizos da Deputación, financiándose co Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais, e no informe de Intervención.

En resumo, a modificación consiste en:

### Suplemento de Crédito:

<u>Aplicación Orzamentaria</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importes</u>
1690.462	Outros servizos de benestar comunitario, Transferencias correntes a Concellos	250.000,00
1690.48900	Outros servizos de benestar comunitario, Transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro	400.000,00
1690.65009	Outros servizos de benestar comunitario, Gastos en investimentos xestionados para outros entes públicos	500.000,00
1690.762	Outros servizos de benestar comunitario, Transferencias de capital a Concellos	500.000,00



## DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

1690.789	Outros servizos de benestar comunitario, Transferencias de capital a familias e institucións sen fins de lucro	600.000,00
2310.22699	Gastos diversos	189.000,00
2310.462	Transferencias correntes a entidades locais	488.000,00
2310.48900	Transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro	175.000,00
2310.762	Transferencias de capital a concellos	242.000,00
3250.48907	Transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro. C.A. UNED Lugo	25.000,00
3340.462	Transferencias correntes a entidades locais	175.000,00
3340.479	Transferencias correntes a Empresas privadas	15.000,00
3340.48900	Transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro	134.000,00
3340.762	Transferencias de capital a concellos	15.000,00
3370.462	Transferencias correntes a entidades locais	15.000,00
3410.462	Transferencias correntes a entidades locais	20.000,00
3410.481	Premios, becas e pens. estudo e invest.	83.000,00
3410.48900	Transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro	15.000,00
3410.762	Transferencias de capital a concellos	70.000,00
4320.22699	Gastos diversos	36.000,00
4320.462	Transferencias correntes a entidades locais	248.000,00
4320.48900	Transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro	95.000,00
4320.762	Transferencias de capital a concellos	242.000,00
4320.789	Transferencias de capital a familias e institucións sen fins de lucro	30.000,00
9270.210	Parque Móbil, Reparacións, mantemento e conservación de Infraestrutura e bens naturais	750.000,00

### Crédito Extraordinario:

1720.721	Protección e mellora do medio ambiente, Transferencias de capital a Organismos Autónomos e Axencias	3.909.136,52
----------	---	--------------

### Financiamento:

Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais	9.221.136,52 €
--	----------------

Lugo, a 25 de maio de 2012.

O PRESIDENTE,

José Ramón Gómez Besteiro



## Proposta

**Asunto:** Proposta de Modificación do Orzamento da Deputación 2012, vía Suplemento de Crédito e Crédito Extraordinario.

Vistas as propostas de Presidencia e Vicepresidencia primeira así como o informe de Intervención, considerando a necesidade e urxencia de executar as actuacións reflectidas neles, co desestimento previo das actuacións que figuran na proposta da Vicepresidencia primeira, e dada a insuficiencia ou a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento, segundo figura na memoria que acompaña á presente proposta, propónse ao Pleno desta Deputación a adopción dos seguintes acordos:

1) Desistir das actuacións seguintes:

Construcción pavillón Portomarín	1.075.000,00
Pazo dos Deportes, Investimento novo en edificios e outras construcións	480.505,80
Museo do Mar, Investimento novo en edificios e outras construcións	190.000,00
Museo Etnográfico de Tor, Investimento novo en edificios e outras construcións	40.420,49
Museo Provincial, Investimento de reposición en edificios e outras construcións	35.601,63
Promoción cultura, Transferencias de capital a familias e institucións sen fins de lucro	75.000,00

2) Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento, vía suplemento de crédito e crédito extraordinario co seguinte detalle:

### Suplemento de Crédito:

<u>Aplicación Orzamentaria</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importes</u>
1690.462	Outros servizos de benestar comunitario, Transferencias correntes a Concellos	250.000,00
1690.48900	Outros servizos de benestar comunitario, Transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro	400.000,00





1690.65009	Outros servizos de benestar comunitario, Gastos en investimentos xestionados para outros entes públicos	500.000,00
1690.762	Outros servizos de benestar comunitario, Transferencias de capital a Concellos	500.000,00
1690.789	Outros servizos de benestar comunitario, Transferencias de capital a familias e institucións sen fins de lucro	600.000,00
2310.22699	Gastos diversos	189.000,00
2310.462	Transferencias correntes a entidades locais	488.000,00
2310.48900	Transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro	175.000,00
2310.762	Transferencias de capital a concellos	242.000,00
3250.48907	Transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro. C.A. UNED Lugo	25.000,00
3340.462	Transferencias correntes a entidades locais	175.000,00
3340.479	Transferencias correntes a Empresas privadas	15.000,00
3340.48900	Transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro	134.000,00
3340.762	Transferencias de capital a concellos	15.000,00
3370.462	Transferencias correntes a entidades locais	15.000,00
3410.462	Transferencias correntes a entidades locais	20.000,00
3410.481	Premios, becas e pens. estudo e invest.	83.000,00
3410.48900	Transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro	15.000,00
3410.762	Transferencias de capital a concellos	70.000,00
4320.22699	Gastos diversos	36.000,00
4320.462	Transferencias correntes a entidades locais	248.000,00
4320.48900	Transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro	95.000,00
4320.762	Transferencias de capital a concellos	242.000,00
4320.789	Transferencias de capital a familias e institucións sen fins de lucro	30.000,00
9270.210	Parque Móbil, Reparacións, mantemento e conservación de Infraestrutura e bens naturais	750.000,00

**Crédito Extraordinario:**

1720.721	Protección e mellora do medio ambiente, Transferencias de capital a Organismos Autónomos e Axencias	3.909.136,52
----------	---	--------------

**Financiamento:**

Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais:	9.221.136,52 €
---	----------------

3) Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na



Secretaría Provincial por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no B.O.P., todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado periodo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Lugo, a 25 de maio de 2012.

O PRESIDENTE.



José Ramón Gómez Besteiro



## Informe de Intervención

**Asunto:** Proposta de Modificación do Orzamento da Deputación 2012, vía Suplemento de Crédito e Crédito Extraordinario.

Vista proposta de modificación, memoria, informes que anteceden e demais documentación do expediente, emítese o seguinte informe:

En relación á modificación proposta de suplemento de crédito e crédito extraordinario, a lexislación aplicable é a contida no artigo 177 do TRLRFL, os artigos 35 a 38 do R.d. 500/90, de 20 de abril, a Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, o REO, e a base nº6 de execución do Orzamento Xeral 2012. Ao parecer da que suscribe, a proposta de modificación axústase a ditas normas.

Lugo, a 25 de maio de 2012,  
A INTERVENTORA,

Rosa Abelleira Fernández